



BERNÁRDEZ RODAL, Asun (2020): *Lola, filla de Cangas*. Cangas: Asociación Cultural Memoria Histórica 28 de agosto, 189 pp.

En 32 capítulos e un colofón, Asun Bernárdez Rodal relata a “feroz persecución” (Pereira 2010: 317) de que foi obxecto a familia de Lola Rodal Blanco, unha “desgraza que arrasou a moitos traballadores do mar e as súas familias a partir do golpe militar” e que “tivo a súa orixe no aquel revanchista das respectivas patronais” (Pereira: 2010: 257).

A novela narra a persecución materna (Dolores Blanco Montes) por dirixente da Sección de Atadeiras do Sindicato de Redeiras e Traballadoras das Fábricas de Conserva A Reivindicadora, a aplicación da Lei de fugas e a súa estada na cadea de Pontevedra e Santurrarán; pero tamén relata o cárcere e *paseo* padecido polo seu irmán Ángel, o sufrimento do seu irmán Pepe nun campo de concentración no deserto de Túnez e posterior exilio en Francia; ademais da persecución paterna (José Rodal Lanzós) e prisión en Pontevedra e San Cristóbal.

Dolores Rodal Blanco, narradora e testemuña da desgraza familiar e das clases subalternas, recupera a súa memoria dende os 5 anos. Unha memoria que, tendo en conta a tipoloxía dos usos e abusos da memoria natural de P. Ricoeur, se caracteriza por impedida (ferida e enferma) e manipulada (vinculada á fragilidade da identidade) para transformarse en obrigada (como terapia). Sobre ela reconece Lola Rodal:

Sei que se teño boa memoria é porque me empeñei hai moitísimos anos en non esquecer. Calei a boca, coma todos, porque ter a lingua solta non é cousa boa cando tes unha bota dura enriba da cabeza e a túa xente tamén a ten. Estamos sós, estivemos sós. Por iso gardei as historias vividas na miña primeira xuventude, por se chegaba o día no que puidese contalas. (p. 8)

O capítulo inicial (“Chámome Lola, son filla de Cangas”) e o final (“Os anos de silencio”) abre e pecha o relato coa reflexión da protagonista, dende o presente, arredor do recordo interiorizado e do silencio con que se rodeou a

experiencia da súa dor. Lola desvélanos a prolongada experiencia dun recordo latente, silenciado e postergado:

O faiado da miña cabeza está cheo do que miraron os meus ollos, do que escoitaron os meus oídos e tamén doutras historias que non vivín eu (...) Aprendín que a memoria viva se compón de anacos de experiencias tanto propias como alleas que debín acochar e gardar con moito coidadiño, pois son o maior dos meus tesouros (...) Compartirei con vós as historias que ata agora tiven que murmurar ó caladiño. (pp. 8-9)

Cando as experiencias son traumáticas, poden arrastrar á necesidade do silencio ou á necesidade do recordo como mecanismo de distanciamento da experiencia vivida. A protagonista decide manter a lembranza (“As terribles experiencias que vivimos non podemos esquecerlas porque, se o intentamos, quedan no fondo do corazón convertidas en traumas” [p. 185]) porque, en paralelo ao formulado por J. Butler para outras épocas históricas, todas as vidas merecen ser choradas:

Tardei corenta anos en subir ó faiado e sacar daquel buraco os nomes que fun escribindo (...) A crueldade última de todo aquilo foi non deixar sequera que a xente chorase os seus mortos. Ben que souberon algúns que prohibir a dor era prohibir a palabra e deixarnos sen vida (p. 114)

Os restantes 30 capítulos, centrais na novela e cuxos títulos son abondo explicativos, recuperan a memoria das persoas inocentes e sinalan os culpables a través de diferentes temas vinculados a eles como a historia da fame no mar. Neste sentido a novela non esquece que as reivindicacións sociolaborais dos homes do mar foron acompañadas polas das mulleres. A situación da muller do mar, como na realidade da época, estaba marcada por unha triple discriminación: por muller, por pobre e por “roja”. Así se manifesta a protagonista:

Chorei e chorei durante horas eu soa ata que se me tranquilizou o corazón. Castigábanos por ser mulleres quitándonos o que se supoñía que era noso: o corpo, a fermosura e a vida. Era un castigo individual que podía ser contra a miña amiga, contra min ou contra calquera outra muller. Eles e nós sabiamos que era un castigo colectivo, de homes contra das mulleres, non só para ferirmos, senón para facer dano ós outros homes ós que pensaban que pertenciamos. (pp. 128-129)

A canda a fame dos homes e mulleres do mar, a novela aborda outros temas como a diferenza de clases (manifestada sobre todo na escola) e as diferenzas políticas, a influencia da Igrexa, a pobreza, a emigración, sen esquecer a historia de Cangas (diversións, crenzas, traballos, anécdotas...) truncada polo levantamento militar ata enchouparse de represión e crueldade.

Interesa deterse na descrición do padecido polos nenos e nenas inocentes, castigados por seren “fillos e fillas de”, e que encarnan unha infancia aniquilada polo desprezo e a negación de calquera dereito, cariño e recoñecemento. Como non compartir a desolación desa nena á que a mestra lle prohibe tocar a bóla do mundo para mirar onde está Buenos Aires?

Grazas á memoria recuperada da narradora protagonista coñecemos os nomes e os rostros, as formas de resistencia simbólica nunha sociedade intervida na que só quedaba lugar para os rumores e os xestos. Nalgúns casos o relato é especialmente duro como o acontecido a Evaristo, ser torturado incapaz de documentar na linguaxe (máis que en forma de berro e insulto) a tortura, de maneira que esta consegue a eliminación do seu propio testemuño ao acabar nun centro psiquiátrico.

A perda e a vulnerabilidade rodea os personaxes da novela (Camilo Rodal, Lorenzo Corbacho, os mártires de Angueiro, Luis Soliño, Charrúa, Saturno Blanco, os da Illa, os de San Simón, Taratola, as fillas dos carreiros, Evaristo...), suxeitos a outros e susceptibles de violencia:

Estabamos indefensos e tratáronnos coma ovelas que levan ó matadoiro. Eles tiñan armas e nosoutros non, eles albergaban no seu interior un instinto de manada que nós tampouco sentiamos.

Aprendín de nova que o horror existe porque o desculpamos como se fose parte do destino. Pero iso é mentira, a violencia pasa porque a consentimos e despois calamos (p. 109)

Non chegamos a saber por que mataron aqueles homes ou si (...) por se acaso; todo aquilo fixérono por se acaso (p. 111)

Escoitamos as súas voces corais que acompañan o percorrido vital da protagonista. Diálogos, repeticións, onomatopeas e outras fórmulas orais achegan a historia ao noso presente e fan que pareza contada como un segredo a voces, nunha conversa familiar, íntima que transmite toda a dor.

En ocasións, a narración vólvese poética en combinación coas ilustracións que enfeitan o inicio de moitos capítulos con elementos da paisaxe e da natureza. Contrasta a falta de cor destas ilustracións interiores coa fotografía da capa (devida a Federico Patinalli) que mostra, iluminada e de costas, a muller co seu neno no colo e que ben podería identificar a calquera muller de Galicia.

Aínda en relación coa oralidade, debemos referirnos ao colofón en que a autora presenta as súas fontes: unhas orais (o testemuño de Dolores Rodal Blanco, gardado no Museo do Pobo Galego, e a súa propia memoria familiar) e outras bibliográficas. Translócese neste colofón a empatía da autora que, tras escoitar e ler sobre o drama da represión en Cangas e as súas cicatrices, foi quen de novelar e mostrar como as perdas íntimas se converten en públicas. De aí que sexa posible entender o título *Lola, filla de Cangas* nun sentido amplo que acolla a calquera muller “alertadora do incendio” (Enzo Traverso *apud* W. Benjamin).

Libros coma este son fundamentais para a recuperación dos nomes e das voces agochadas, para recobrar as vidas, para ampliar a memoria e salvara na selva da desinformación coa que cada día abouxan os negacionistas. Libros, tamén, fundamentais para a esperanza como as palabras finais da narradora protagonista: “Non quero deixarvos soamente un testemuño de inxustizas, senón o dunha xente que pensaba que era posible cambiar o mundo se traballamos todos xuntos para que a vida dos máis pobres sexa mellor” (p. 185).

### Referencias bibliográficas

- Butler, Judith (2010): *Marcos de guerra. Las vidas lloradas*. Barcelona: Paidós Ibérica.
- Pereira, Dionisio (2010): *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*. Vigo: Xerais.
- Ricoeur, Paul (2010<sup>2</sup>): *La memoria, la historia, el olvido*. Madrid: editorial Trotta.
- Traverso, Enzo (2001): *La historia desgarrada. Ensayo sobre Auschwitz y los intelectuales*. Barcelona: Herder.

Ana Acuña Trabazo  
Universidade de Vigo  
ganime@uvigo.es